



A CIG concentrarase ante o Arsenal de Ferrol o xoves 16 de outubro às 11,00h en demanda de melloras salariais para todo o persoal civil empregado no Ministerio de Defensa.

O obxectivo da concentración, que xa é a terceira ante o Arsenal de Ferrol desde o mes de maio, é dar visibilidade pública à reivindicación de melloras salariais para o persoal civil do Ministerio de Defensa.

Entendemos a mobilización do persoal civil como o instrumento máis valioso para conseguir o obxectivo principal de mellores condicións económicas para o persoal. É unha evidencia que o único instrumento de presión que conseguiu arrincar avances ou posicionamentos do Ministerio foi a mobilización activa do persoal diante dos centros de traballo.

Sabemos que a convocatoria de mobilizacións acaba dando os seus resultados, e por iso os sindicatos con representación na Mesa Xeral de Negociación do Ministerio fomos convocados a a unha nova reunión coa Ministra de Defensa para o medio día deste venres 17 de outubro en Madrid.

A convocatoria desta reunión realízase sen unha orde do día dos asuntos a tratar, polo tanto desde a CIG seguimos adiante coa convocatoria de mobilizacións mentres non haxa unha masa salarial enriba da mesa que sexa obxecto de negociación.

A diferenza do resto de sindicatos que conformamos a Mesa Xeral, a CIG ten claro que conseguir reunións coa Ministra non é un obxectivo en si mesmo, senón que estas reunións deberían ser o normal na xestión dun proceso de conflito laboral como é este, sempre e cando sexa unha negociación de boa fe.

Aproveitamos esta nota aclaratoria sobre a concentración de mañá xoves 16, para convocar a todo o persoal civil empregado no Ministerio de Defensa en Ferrol a unha **ASEMBLEA INFORMATIVA o luns 20 de outubro às 11.00h no Arsenal de Ferrol (onde se realizaron as anteriores)** para dar conta directa da reunión mantida coa Ministra e os pasos a seguir segundo o novo escenario da situación.

Galiza, 15 de outubro de 2025